

As fortificacións de Goián e Vila Nova de Cerveira. Visita guiada co Ateneo de Vigo



Alto do Cervo, Vila Nova de Cerveira

Data:

Sábado 24 de febreiro

Percorrido:


- **Portugal:** **Alto do Cervo**, **Atalaia do Espírito Santo**, **Forte de Lovelhe**
- **Galicia:** Torre dos Ratos, **Forte de Nosa Señora da Concepción**, Forte das Chagas e **Forte de San Lorenzo**

Adaptaremos a visita seguindo o tempo dispoñible, os lugares marcados en negriña e vermello son os que se consideran imprescindibles para comprender a construción deste espazo.

Encadramento:

Ao longo dos séculos XII e XIII deseñouse a fronteira histórica hispano-portuguesa, quedando practicamente configurada desde 1297 co Tratado de Alcañices. No caso da fronteira N, e especificamente no tramo bañado polo río Miño, a realeza incentivou a construción de núcleos de poboación nas marxes do mesmo, co gallo de buscar puntos de apoio para a súa estratexia de empoderamento político-administrativo. Este río constituía unha importante vía fluvial de penetración cara ao interior de ambos os dous reinos desde o océano en sentido leste-oeste,


mentres que, en paralelo a este por ambas as súas marxes, circulaba unha vía terrestre que unía as principais poboacións que se consolidan neste momento. Existen outras vías que atravesan o territorio en sentido norte-sur salvando o río Miño a través dos pasos de barcas. É precisamente nas zonas nas que se localizan estes pasos xa históricos onde xurdiron os núcleos de poboación máis importantes da fronteira ao longo da Idade Media, que foron fortificados nos séculos XII e XIII. Este proceso construtivo materializouse nunha estrutura de poboacións enfrontadas a ambos lados da fronteira (Goián-Vila Nova de Cerveira; Tui-Valença; Salvaterra-Monção...) que se irán cercando ou construindo nelas un castelo propiedade do monarca. Esta estrutura ordenaba asemade a rede viaria da rexión (Andrade, 1994: 329). Iníciase así a fortificación medieval da raia, concentrada nos núcleos de poboación e nas zonas de paso sobre os ríos, que condicionou a estrutura defensiva que se desenvolveu en época moderna, cando a fortificación anterior era insuficiente ante os avances da artillería e a nova articulación dos exércitos da época. É o caso das vilas de Goián e Vila Nova de Cerveira que visitaremos nesta xornada.



Fortalezas de Valença e Tui, Livro das Fortalezas de Duarte de Armas (Ca. 1507)

Entre o 1 de decembro de 1640, cando o Duque de Bragança é proclamado en Lisboa rei de Portugal como João IV, e o ano 1668, cando se firma o Tratado de Lisboa que supuxo a independencia de Portugal, tivo lugar a Guerra da Restauración. Neste período as campañas de guerra foron descontinuas en toda a fronteira e dependían das dispoñibilidades loxísticas de

persoal e material. Foi unha guerra con escasos medios, cunha gran importancia táctica da artillería, as armas de infantaría e os enxeñeiros, na que xogou un especial papel a construción dunha serie de fortificacións abaluartadas, que respondían á nova arte de facer a guerra na Idade Moderna; moitas delas eran fortificacións de campaña ou terreiras, é dicir, feitas a medida que a guerra avanzaba en terra.



Mapa de la antigua provincia de Entre Miño y Duero [...] D. Alexandro de Anglés, 1762 ©Centro Geográfico del Ejército. Mostra as fortalezas construídas no Miño durante da Guerra da Restauração.

A actividade bélica acompañouse na fronteira dunha importante actividade construtiva con motivo da modernización das defensas de ambas as dúas fronteiras, a toma de posicións no país contrario e a importante transformación da paisaxe. Un exemplo deste proceso foi a campaña iniciada polo exército portugués en 1663, tras dúas tentativas anteriores, para ocupar a Barca de Goián, destruír o forte da Barca que aquí existía e construír un sistema fortificado que fixera cabeza de ponte con Vila Nova de Cerveira. Os portugueses levantaron en Goián a fortaleza de Nossa Senhora da Conceição, o Forte das Chagas e a Torre dos Ratos, unidos entre si por trincheiras, mentres que en Vila Nova de Cerveira continuaban os traballos de modernización da Praça Forte que rodeaba o castelo medieval de levantado polo rei Don Dinis, que completaba as defensas do Forte de Lovelhe e a Atalaia do Espírito Santo. Moitos destes elementos están hoxe parcialmente ocultos ou destruídos trala guerra ou en época recente como consecuencia do crecemento urbanístico, a parcelaria ou o descoñecemento. Na visita trataremos de recuperar a memoria dos mesmos.



Mapa e deseño de la fronteira de Galicia, Anónimo (ca. 1664) (Archivo Museo Naval de Madrid. Sinatura: MN-E-19-24), no que aparecen representadas tres fortificacións en Goián, a Torre dos Ratos enfrontado ao Forte dos Pinos (Forte de Lovelhe), o Forte das Chagas e a Fortaleza de Nossa Senhora da Concepción. Tamén se pode observar o Forte de Santiago Carrillo ou de Medos construído polos galegos onde se establecera o cuartel de Medos para cortar o paso aos portugueses de cara a Tui.



Plano del conjunto fortificado de Goián, atribuído a Miguel De Lecol (Ca. 1664)

Planta de Vila Nova de Cerveira, Joze Miz.s da Cruz (1759)

Planos das fortificacións levantadas en Goián y Vila Nova de Cerveira

Cando en 1668 se firma o Tratado de Paz de Lisboa, Portugal alcanza a súa independencia e establécense as fronteiras, que se manteñen practicamente intactas ata a actualidade. Cada país devolve ao outro as prazas conquistadas no territorio veciño. Pero a modernización defensiva das cidades continúa, e as fortificacións permanentes finalízanse ao longo dos


séculos XVII e XVIII. Ao longo deste período transfórmase totalmente a paisaxe, modificando a estrutura de fortificacións enfrontadas vinculadas aos núcleos de poboación para facer unha defensa máis complexa a base de subsistemas defensivos que se espallan polo territorio protexendo e controlando as vías de comunicación en sentido leste-oeste e norte-sur.

Elementos a visitar

Atalaia do Espírito Santo




Torre dos Ratos




Imaxes da *Relacion topografica de las plazas, y puestos fortificados del Reyno de Galicia: en que se manifiesta el estado en que se hallan las obras provisionales... en conformidad de lo mandado en la Real Orden de 31 de Agosto de 1800, de D. Miguel Hermosilla*. Na lenda do plano da Torre, especificase que sobre a porta tiña un epígrafe que puña que fora reedificada en 1794 por Don Josep Cadaval.

Fortaleza de Nosa Señora da Concepción



Planta do Forte de N. Sra. da Conceição non Reyno de Galiza, recollida no “Livro das praças de Portugal com suas fortificações” conservado na Biblioteca o Palacio de Ajuda de Lisboa. As plantas están deseñadas polo arquitecto João Núñez de Tinoco en 1663.

Forte das Chagas





Laboratório de Paisagens,
Património e Território



Esquerda, recorte do plano histórico da Fortaleza de Nosa Sra. da Concepción en Goián, atribuído por Garrido a Miguel de Lescol (Ca. 1664); dereita, mapa de pendentes obtido a partir dos datos LiDAR da área na que se empraza o Forte das Chagas. Marcouse a liña de comunicación coa Fortaleza de Nosa Sra. da Concepción cunhas frechas.

Para saber máis

BLANCO-ROTEA, R. 2011. Las fortificaciones de Goián-Vila Nova de Cerveira-Medos en el territorio fortificado transfronterizo galaico-portugués. *Revista Castillos de España*, 58 (164-165-166): 139-145.

https://www.academia.edu/1058321/Las_fortificaciones_de_Goi%C3%A1n_Vila_Nova_de_Cerveira_Medos_en_el_territorio_fortificado_transfronterizo_galaico_portugu%C3%A9s

BLANCO-ROTEA, R. 2018. Paisajes urbanos modernos de la frontera galaico-portuguesa. La fortificación de las villas y ciudades en el siglo XVII, *Monográfico "Cidade (in)defesa"*, *Revista de História da Arte*, 13: 10-35.

https://www.academia.edu/37807516/Paisajes_urbanos_modernos_de_la_frontera_galaico_portuguesa_La_fortificaci%C3%B3n_de_las_villas_y_ciudades_en_el_siglo_XVII

BLANCO-ROTEA, R. 2020. Paisajes arqueológicos y materialidades de una guerra de frontera entre Galicia y Portugal en el siglo XVII. En *Actualidad de la investigación arqueológica en España I (2018-2019)*. *Conferencias impartidas en el Museo Arqueológico Nacional*, pp. 347-366. Madrid: Ministerio de Cultura y Deporte.

https://www.academia.edu/43877881/Blanco_Rotea_R_2020_Paisajes_arqueol%C3%B3gicos_y_materialidades_de_una_guerra_de_frontera_entre_Galicia_y_Portugal_en_el_siglo_XVII